

MEMORIA XUSTIFICATIVA FUNCIONAL

PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA RELACIÓN DE POSTOS DE TRABALLO DA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA

ANO 2026

A presente memoria ten por obxecto xustificar a proposta de modificación da Relación de postos de traballo (RPT) da entidade pública empresarial Augas de Galicia publicada por Resolución de 7 de xullo de 2023 pola que se ordena a publicación dos acordos do Consello da Xunta de Galicia do 1 de xuño e do 6 de xullo de 2023 polos que se aproba e se modifica, respectivamente, a relación de postos de traballo da entidade pública empresarial Augas de Galicia.

Neste sentido, de acordo co disposto no artigo 58.2 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, propónse a seguinte modificación da vixente relación de postos de traballo da entidade pública empresarial Augas de Galicia:

1. CAMBIO NATUREZA XURÍDICA DA GARDERÍA FLUVIAL

Mediante a resolución do 22 de xuño de 2022 (DOG núm. 121, do 27 de xuño de 2022) convócase o proceso selectivo para o ingreso, pola quenda de promoción interna, no corpo administrativo da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, subgrupo C1, da escala de axentes de inspección das especialidades de vixilancia de estradas e de dominio público hidráulico.

As prazas convocadas neste proceso selectivo (16) aparecían recollidas na "PROPOSTA DE ACTUACIÓNS A DESENVOLVER ENTRE A ADMINISTRACIÓN E AS ORGANIZACIÓNS SINDICAIS RELATIVAS AO PERSOAL LABORAL DA GARDERÍA FLUVIAL DA ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA" asinada con data 10.12.2019 (DOG núm. 135 do 8 de xullo de 2020).

Neste acordo entre a administración e as organizacións sindicais fíxase como obxectivo a creación dun mínimo de 16 prazas do Corpo Administrativo da Administración Xeral da C.A. de Galicia - Escala de Axentes de Inspección- Especialidade de Vixilancia do dominio público hidráulico (subgrupo C1) que serían cubertas mediante unha promoción interna separada dos laborais fixos da categoría 07 do Grupo IV do V Convenio Colectivo Único para o persoal laboral da Xunta de Galicia.

Unha vez feita pública a relación de aspirantes que superaron o proceso selectivo, para a elección de destino é necesario a creación de 13 prazas de persoal funcionario do Subgrupo C1 Escala de Axentes de Inspección- Especialidade de Vixilancia do dominio público hidráulico, xa que, na relación de aprobados propostos polo tribunal (16), figuran dúas persoas xubiladas e outra cunha incapacidade permanente total.

As prazas que se propón modificar, e que se relacionan a continuación, son as ocupadas polo persoal laboral do Grupo IV categoría 007 (Garda Xuramentado Fluvial/Garda de Explotación) que superou o proceso selectivo:

CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN	GR .	CAT.	F. PRO	COMPLEM. SINGUL.	OBSERVACIÓNS	CENTRO DE DESTINO
IV.E19.20.000.15001.072	GARDA DE EXPLOTACIÓN	IV	007	C	1.277,40	B10//B11//B18	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-NORTE
IV.E19.20.000.15001.073	GARDA DE EXPLOTACIÓN	IV	007	C	1.277,40	B10//B11//B18	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-NORTE
IV.E19.20.000.15001.074	GARDA DE EXPLOTACIÓN	IV	007	C	1.277,40	B10//B11//B18	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-NORTE
IV.E19.20.000.15001.075	GARDA DE EXPLOTACIÓN	IV	007	C	1.277,40	B10//B11//B18	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-NORTE
IV.E19.20.000.15001.076	GARDA DE EXPLOTACIÓN	IV	007	C	1.277,40	B10//B11//B18	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-NORTE
IV.E19.20.000.15770.068	GARDA DE EXPLOTACIÓN	IV	007	C	1.277,40	B10//B11//B18	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-CENTRO
IV.E19.20.000.15770.070	GARDA DE EXPLOTACIÓN	IV	007	C	1.277,40	B10//B11//B18	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-CENTRO
IV.E19.20.000.15770.071	GARDA DE EXPLOTACIÓN	IV	007	C	1.277,40	B10//B11//B18	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-CENTRO
IV.E19.20.000.15770.072	GARDA DE EXPLOTACIÓN	IV	007	C	1.277,40	B10//B11//B18	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-CENTRO
IV.E19.20.000.15770.073	GARDA DE EXPLOTACIÓN	IV	007	C	1.277,40	B10//B11//B18	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-CENTRO
IV.E19.20.000.36560.063	GARDA DE EXPLOTACIÓN	IV	007	C	1.277,40	B10//B11//B18	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-SUR
IV.E19.20.000.36560.064	GARDA DE EXPLOTACIÓN	IV	007	C	1.277,40	B10//B11//B18	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-SUR
IV.E19.20.000.36560.068	GARDA DE EXPLOTACIÓN	IV	007	C	1.277,40	B10//B11//B18	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-SUR
IV.E19.20.000.36560.070	GARDA DE EXPLOTACIÓN	IV	007	C	1.277,40	B10//B11//B18	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-SUR

Así mesmo, e coa finalidade de homoxeneizar e harmonizar a gardería fluvial, propónse a modificación da natureza xurídica dos restantes postos que conforman a gardería fluvial da entidade:

CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN	GR.	CAT.	F. PRO	COMPLEM. SINGUL.	OBSERVACIÓNS	CENTRO DE DESTINO
IV.E19.20.000.15001.067	GARDA DE EXPLOTACIÓN	IV	007	C	1.277,40	B10//B11//B18	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-NORTE
IV.E19.20.000.15001.070	GARDA DE EXPLOTACIÓN	IV	007	C	1.277,40	B10//B11//B18	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-NORTE
IV.E19.20.000.15770.069	GARDA DE EXPLOTACIÓN	IV	007	C	1.277,40	B10//B11//B18	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-CENTRO
IV.E19.20.000.15770.074	GARDA DE EXPLOTACIÓN	IV	007	C	1.277,40	B10//B11//B18	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-CENTRO
IV.E19.20.000.15770.075	GARDA DE EXPLOTACIÓN	IV	007	C	1.277,40	B10//B11//B18	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-CENTRO
IV.E19.20.000.36560.065	GARDA DE EXPLOTACIÓN	IV	007	C	1.277,40	B10//B11//B18	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-SUR
IV.E19.20.000.36560.066	GARDA DE EXPLOTACIÓN	IV	007	C	1.277,40	B10//B11//B18	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-SUR
IV.E19.20.000.36560.067	GARDA DE EXPLOTACIÓN	IV	007	C	1.277,40	B10//B11//B18	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-SUR
IV.E19.20.000.36560.069	GARDA DE EXPLOTACIÓN	IV	007	C	1.277,40	B10//B11//B18	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-SUR
IV.E19.20.000.36560.072	GARDA DE EXPLOTACIÓN	IV	007	C	1.277,40	B10//B11//B18	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-SUR
IV.E19.20.000.36560.073	GARDA DE EXPLOTACIÓN	IV	007	C	1.277,40	B10//B11//B18	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-SUR

Logo do cambio de vínculo xurídico a persoal funcionario, as prazas que a continuación se relacionan, clasificaríanse como prazas do Corpo administrativo da Administración xeral da Xunta de Galicia, subgrupo C1, escala de inspección especialidade de dominio público hidráulico con complemento de destino de nivel 20 e complemento específico de nivel 21, mesmos niveis das prazas xa existentes na entidade do antedito corpo, escala e especialidade, nas que se funcionarizou o persoal laboral da entidade do Grupo III categoría 67 (Xefes de Equipo) e categoría 08 (Encargados xerais):

CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN	GR.	NIV.	F. PRO	CORPO/ ESCALA	ADS. ADMIN	CENTRO DE DESTINO
IV.E19.20.000.15001.072	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	C1	20	C	XCC4	AXG	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-NORTE
IV.E19.20.000.15001.073	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	C1	20	C	XCC4	AXG	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-NORTE
IV.E19.20.000.15001.074	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	C1	20	C	XCC4	AXG	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-NORTE
IV.E19.20.000.15001.075	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	C1	20	C	XCC4	AXG	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-NORTE
IV.E19.20.000.15001.076	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	C1	20	C	XCC4	AXG	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-NORTE
IV.E19.20.000.15770.068	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	C1	20	C	XCC4	AXG	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-CENTRO
IV.E19.20.000.15770.070	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	C1	20	C	XCC4	AXG	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-CENTRO

							GALICIA-CENTRO
IV.E19.20.000.1577 0.071	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	C1	20	C	XCC4	AXG	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-CENTRO
IV.E19.20.000.1577 0.072	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	C1	20	C	XCC4	AXG	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-CENTRO
IV.E19.20.000.1577 0.073	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	C1	20	C	XCC4	AXG	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-CENTRO
IV.E19.20.000.3656 0.063	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	C1	20	C	XCC4	AXG	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-SUR
IV.E19.20.000.3656 0.064	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	C1	20	C	XCC4	AXG	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-SUR
IV.E19.20.000.3656 0.068	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	C1	20	C	XCC4	AXG	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-SUR
IV.E19.20.000.3656 0.070	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	C1	20	C	XCC4	AXG	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-SUR
IV.E19.20.000.1500 1.067	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	C1	20	C	XCC4	AXG	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-NORTE
IV.E19.20.000.1500 1.070	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	C1	20	C	XCC4	AXG	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-NORTE
IV.E19.20.000.1577 0.069	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	C1	20	C	XCC4	AXG	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-CENTRO
IV.E19.20.000.1577 0.074	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	C1	20	C	XCC4	AXG	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-CENTRO
IV.E19.20.000.1577 0.075	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	C1	20	C	XCC4	AXG	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-CENTRO
IV.E19.20.000.3656 0.065	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	C1	20	C	XCC4	AXG	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-SUR
IV.E19.20.000.3656 0.066	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	C1	20	C	XCC4	AXG	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-SUR
IV.E19.20.000.3656 0.067	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	C1	20	C	XCC4	AXG	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-SUR
IV.E19.20.000.3656 0.069	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	C1	20	C	XCC4	AXG	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-SUR
IV.E19.20.000.3656 0.072	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	C1	20	C	XCC4	AXG	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-SUR
IV.E19.20.000.3656 0.073	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	C1	20	C	XCC4	AXG	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-SUR

Cómpre mencionar que o persoal laboral do Grupo IV categoría 007 (Garda Xuramentado Fluvial/Garda de Explotación) está a percibir, por sentenza xudicial firme, as diferenzas retributivas entre o Grupo IV e o Grupo III categoría 67 (xefes de Equipo) polo que a proposta dos anteditos niveis de complementos (20 destino e 21 específico) garante o mantemento das retribucións brutas anuais que este persoal está a percibir.

No seguinte apartado propónse tamén o cambio de denominación dos postos, co fin de adecuar e adaptar a anterior denominación laboral de garda de explotación procedente do V convenio colectivo a outra máis acorde coa nova escala de funcionarios (Axente de Inspección de Dominio Público Hidráulico).

2. CAMBIO DE DENOMINACIÓN DO RESTO DOS POSTOS DA ESCALA DE AXENTES DE INSPECCIÓN ESPECIALIDADE DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO, E HOMOXENEIZACIÓN DE NIVEIS

Igualmente propónse, para homoxeneizar e igualar todos os postos da escala de axentes de inspección especialidade de dominio público hidráulico, o cambio de denominación dos postos de Xefe/a de Equipo e Encargado/a Xeral, pertencentes á antedita escala logo da modificación da relación de postos de traballo referente ao proceso de funcionarización de postos de traballo de persoal laboral da Xunta de Galicia e clasificación no corpo administrativo da Administración xeral (subgrupo C1) publicada por Resolución do 8 de agosto de 2024 (DOG núm. 160 do 21 de agosto de 2024).

Estes postos de Xefe/a de Equipo e Encargado/a Xeral que seguen a manter a denominación da categoría laboral que tiñan no V Convenio colectivo, pasarían a denominarse tamén "Axentes de Inspección de Dominio Público Hidráulico".

Os postos que cambian a súa denominación son os seguintes:

CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN ACTUAL	GR.	CORPO/ ESCALA	ADS. ADMIN	DENOMINACIÓN PROPOSTA	CENTRO DE DESTINO
IV.E19.20.000.1500 1.064	XEFE/A DE EQUIPO	C1	XCC4	AXG	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-NORTE
IV.E19.20.000.1500 1.065	XEFE/A DE EQUIPO	C1	XCC4	AXG	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-NORTE
IV.E19.20.000.1500 1.066	XEFE/A DE EQUIPO	C1	XCC4	AXG	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-NORTE
IV.E19.20.000.1577 0.061	XEFE/A DE EQUIPO	C1	XCC4	AXG	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-CENTRO
IV.E19.20.000.1577 0.062	XEFE/A DE EQUIPO	C1	XCC4	AXG	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-CENTRO
IV.E19.20.000.3656 0.060	XEFE/A DE EQUIPO	C1	XCC4	AXG	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-SUR
IV.E19.20.000.3656 0.061	XEFE/A DE EQUIPO	C1	XCC4	AXG	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-SUR
IV.E19.20.000.3656 0.062	XEFE/A DE EQUIPO	C1	XCC4	AXG	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-SUR
IV.E19.20.000.2700 1.060	ENCARGADO/A XERAL	C1	XCC4	AXG	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	ZONA HIDROGRÁFICA DA MARINHA-LUGO
IV.E19.20.000.2700 1.062	ENCARGADO/A XERAL	C1	XCC4	AXG	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO	ZONA HIDROGRÁFICA DA

					HIDRÁULICO	MARIÑA-LUGO
--	--	--	--	--	------------	-------------

Así mesmo, os dous postos da Zona Hidrográfica da Mariña-Lugo, que actualmente teñen complemento de destino de nivel 21 e complemento específico de nivel 22, pasan a ter un complemento de destino de nivel 20 e complemento específico de nivel 21, quedando todos os postos da gardería fluvial cos mesmos niveis de complemento de destino e específico.

3. CAMBIO DE CENTRO DE DESTINO DE TRES POSTOS DA GARDERÍA FLUVIAL

Coa finalidade de conseguir un funcionamento máis eficiente da entidade, modifícase o centro de destino de tres postos que actualmente se encontran vacantes e adscritos á Zona Hidrográfica Galicia-Sur.

Neste sentido, dous deses postos adscribíense á Comisaría de Augas. A nova adscripción favorece unha maior versatilidade e flexibilidade na xestión do persoal, ao posibilitar unha mellor redistribución das cargas de traballo en función das necesidades reais, permitindo unha resposta máis áxil ante picos de actividade, prioridades estratéxicas ou proxectos transversais que afectan a varias zonas territoriais.

Por outra parte, o outro posto adscribíese á Zona Hidrográfica da Mariña (Lugo), dado que na actualidade esta unidade conta unicamente con dous postos na gardería fluvial, circunstancia que dificulta de maneira significativa o adecuado funcionamento do servizo, ao resultar claramente insuficiente o número de efectivos dispoñibles para asumir de forma eficaz a carga de traballo existente.

Os postos que se modifican son os seguintes:

CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN	GR.	NIV.	F. PRO	CORPO/ ESCALA	ADS. ADMIN	CENTRO DE DESTINO
IV.E19.20.000.3656 0.062	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	C1	20	C	XCC4	AXG	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-SUR
IV.E19.20.000.3656 0.064	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	C1	20	C	XCC4	AXG	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-SUR
IV.E19.20.000.3656 0.067	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	C1	20	C	XCC4	AXG	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-SUR

Os postos tras a modificación do centro de destino serían os seguintes:

CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN	GR.	NIV.	F. PRO	CORPO/ ESCALA	ADS. ADMIN	CENTRO DE DESTINO
-----------------	--------------	-----	------	--------	------------------	---------------	----------------------

IV.E19.20.000.2700 1.061	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	C1	20	C	XCC4	AXG	ZONA HIDROGRÁFICA DA MARINA-LUGO
IV.E10.00.004.1577 0.050	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	C1	20	C	XCC4	AXG	COMISARIA DE AUGAS
IV.E10.00.004.1577 0.051	AXENTE DE INSPECCIÓN DE DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO	C1	20	C	XCC4	AXG	COMISARIA DE AUGAS

4. APERTURA DE PRAZAS A OUTRAS ADMINISTRACIÓNS E ESCALAS

A apertura de determinadas prazas a funcionarios doutras administracións públicas e a varias escalas e especialidades xustifícase na necesidade de garantir a cobertura efectiva dos postos de maior responsabilidade técnica e directiva da entidade, atendendo á natureza das súas funcións e á dispoñibilidade real de efectivos na Administración autonómica.

Neste sentido, propónse realizar os seguintes cambios:

- Ampliar a adscrición do posto IV.E10.00.004.15770.001 - Comisario/a de Augas, que actualmente só pode ser cuberto por persoal pertencente á escala de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos (ESE1), permitindo o acceso de funcionarios de todos os corpos xerais e especiais da Administración autonómica ou estatal (A3).

O posto constitúe un cargo de dirección técnica de primeiro nivel dentro da estrutura da entidade, encargado da coordinación xeral da xestión do dominio público hidráulico, da inspección, vixilancia e control das augas e da dirección dos servizos territoriais, segundo o artigo 17 do Estatuto de Augas de Galicia. **Estas funcións de dirección, coordinación e supervisión atribuídas ao posto prevalecen sobre o exercicio directo de funcións facultativas propias dunha especialidade técnica concreta.**

Atendendo ao carácter transversal das súas funcións –que abranguen ámbitos xurídicos, técnicos e administrativos–, resulta xustificado abrir a súa cobertura a todos os corpos xerais e especiais, co fin de posibilitar a concorrencia de profesionais con experiencia en xestión pública e dirección de equipos multidisciplinares, garantindo así unha maior eficacia na coordinación das políticas hidráulicas da entidade. **A apertura proposta resulta ademais conveniente tendo en conta o reducido número de efectivos dispoñibles na escala ESE1 dentro da Administración autonómica e a necesidade de garantir a cobertura efectiva dun posto esencial para o funcionamento ordinario da entidade.** Pola súa parte, a apertura á Administración local (A12) xustifícase pola intensa relación funcional que existe

entre a Comisaría de Augas e as entidades locais, especialmente en materia de control de verteduras, de concesións de augas e de autorizacións no dominio público hidráulico e nas súas zonas de protección, así como no relativo aos informes relativos ao planeamento urbanístico no ámbito da demarcación hidrográfica de Galicia Costa. A posibilidade de incorporación de profesionais con experiencia acreditada na xestión municipal contribúe a reforzar a coordinación operativa no territorio e permite achegar unha visión adaptada á realidade municipal, garantindo unha visión máis práctica, transversal e integrada.

- Ampliar a adscrición do posto IV.E10.00.004.15770.020 - Xefatura do Servizo de Tramitación de Autorizacións e Concesións, que ata o de agora está restrinxido a persoal da Administración xeral da Xunta de Galicia pertencente a corpos xerais, permitindo a súa cobertura adicional por funcionarios da escala de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos (ESE1), e da escala de Enxeñeiros Técnicos, especialidade Enxeñaría Técnica de Obras Públicas (EME1).

Este servizo é o responsable da tramitación e proposta de resolución das autorizacións e concesións relativas ao dominio público hidráulico, da tutela dos dereitos derivados das concesións e da execución das medidas de restitución e reparación de danos, de acordo co artigo 17 do Estatuto de Augas de Galicia. Trátase dun posto cun contido técnico e xurídico de gran complexidade, no que a participación de persoal con formación en enxeñaría, dereito ou outras especialidades técnicas resulta esencial para garantir unha análise integral dos expedientes e unha correcta aplicación da normativa en materia de augas. Por este motivo, a súa apertura a corpos xerais e especiais permitirá unha maior concorrencia de perfís cualificados e contribuirá a unha xestión máis eficaz, coordinada e interdisciplinar das funcións encomendadas á Comisaría de Augas. Así mesmo, a apertura á Administración local (A12) xustifícase por motivos análogos aos mencionados para a Comisaría de Augas.

- Ampliar a adscrición do posto IV.E10.00.005.15770.001 - Subdirección Xeral de Planificación da Xestión dos Recursos Hídricos, que ata o de agora só podía ser desempeñado por persoal pertencente á escala de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos (ESE1), permitindo tamén o acceso dos

restantes corpos especiais (A2), atendendo á natureza ambiental, territorial e técnica das funcións atribuídas ao posto.

Esta Subdirección Xeral, segundo o artigo 20 do Estatuto de Augas de Galicia, é a responsábel da elaboración e seguimento do Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, do control da calidade e seguimento das augas superficiais e subterráneas e da coordinación das medidas de protección das zonas protexidas. Ademais, ten adscritos o Servizo de Adaptación da Xestión dos Recursos Hídricos ao Cambio Climático e o Servizo de Planificación de Abastecemento e Saneamento, encargados de integrar na planificación hidrolóxica as estratexias de mitigación e adaptación fronte ao cambio climático, así como de coordinar a planificación dos sistemas de abastecemento e saneamento de Galicia.

Estas funcións requiren unha visión integral que combine coñecementos en enxeñaría hidráulica, ordenación territorial, xestión ambiental e ecoloxía aplicada. Por iso, a apertura do posto a outras escalas técnicas permite incorporar perfís profesionais complementarios con experiencia en xestión de recursos naturais, agricultura, montes e biodiversidade, o que contribuirá a mellorar a coherencia entre a planificación hidrolóxica, a política ambiental e a adaptación ao cambio climático, reforzando unha xestión máis sostible e coordinada do ciclo integral da auga en Galicia. Pola súa parte, a apertura á Administración local (A12) xustifícase pola conveniencia estratéxica de incorporar profesionais con experiencia directa e contrastada na xestión municipal do ciclo integral da auga, ámbito no que se concentran unha parte substancial das competencias operativas en materia de abastecemento, saneamento e depuración. Esta apertura permite reforzar a coordinación interadministrativa entre a Administración autonómica e as entidades locais, favorecendo unha maior coherencia na planificación e xestión dos recursos hídricos.

Así mesmo, a achega deste perfil profesional contribúe a mellorar a eficacia e eficiencia na execución das actuacións, ao achegar unha visión práctica baseada no coñecemento real das necesidades do territorio, das limitacións técnicas e económicas dos concellos e dos procedementos administrativos propios do ámbito local.

Deste xeito, garántese unha perspectiva máis transversal da planificación en materia de augas en xeral e, en particular, da integración dos sistemas de abastecemento e saneamento municipais neste ámbito, redundando nunha mellor toma de decisións, nunha optimización dos recursos públicos e, en última instancia, nunha maior calidade do servizo prestado á cidadanía.

- Ampliar a adscrición do posto IV.E10.00.005.15770.040 - Xefatura do Servizo de Planificación de Abastecemento e Saneamento, que ata o de agora só podía ser desempeñado por persoal pertencente á escala de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos (ESE1), permitindo tamén o acceso de funcionarios da escala de Enxeñeiros Técnicos, especialidade Enxeñaría Técnica de Obras Públicas (EME1).

Este servizo, integrado na Subdirección Xeral de Planificación da Xestión dos Recursos Hídricos, desenvolve funcións de alto contido técnico relacionadas coa planificación e programación das actuacións en materia de abastecemento e saneamento, coa integración das políticas de mitigación e adaptación ao cambio climático na xestión dos recursos hídricos, e co seguimento da dispoñibilidade e seguridade das captacións e sistemas hidráulicos.

As tarefas atribuídas ao servizo implican un coñecemento detallado das infraestruturas hidráulicas, das redes de abastecemento e saneamento e das condicións de explotación e conservación das mesmas, polo que poden ser desempeñadas con plena competencia por persoal técnico de grao medio da escala EME1. A apertura proposta permitirá, así, ampliar a base de recrutamento e incorporar profesionais con experiencia práctica na planificación e execución de infraestruturas hidráulicas, reforzando a capacidade técnica da entidade para afrontar os retos derivados do cambio climático e garantir unha xestión sostible e eficiente dos recursos hídricos de Galicia.

- Ampliar a adscrición do posto IV.E10.00.005.15770.020 - Xefatura do Servizo de Planificación Hidrolóxica, que ata o de agora só podía ser desempeñado por persoal pertencente á escala de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos (ESE1), permitindo tamén o acceso de funcionarios das escalas de Biólogos (ESC1) e Químicos (ESC2).

Este servizo, dependente da Subdirección Xeral de Planificación da Xestión dos Recursos Hídricos, é o encargado da elaboración, seguimento e revisión do Plan Hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia-Costa, da avaliación dos recursos hídricos, da análise do estado das masas de auga e da programación das medidas necesarias para acadar os obxectivos ambientais establecidos na normativa europea e estatal. **A responsabilidade última da elaboración e revisión do Plan Hidrolóxico, así como da coordinación dos estudos hidrolóxicos e hidráulicos asociados, considérase que require titulacións do subgrupo A1.**

Ademais, as funcións encomendadas presentan un marcado carácter interdisciplinar que require integrar coñecementos de enxeñaría hidráulica, hidrometeoroloxía, química e ecoloxía acuática. A ampliación a profesionais das escalas de Químicos e Biólogos resulta plenamente xustificada, xa que estes perfís achegan unha visión complementaria esencial para a avaliación da calidade das augas, a identificación de presións e impactos sobre o medio hídrico e o deseño de medidas de restauración e protección ambiental. Esta modificación permitirá reforzar o enfoque integral da planificación hidrolóxica, mellorando a coordinación entre a xestión técnica e ambiental dos recursos hídricos e garantindo unha maior coherencia cos obxectivos da Directiva Marco da Auga.

- Ampliar a adscrición do posto IV.E10.00.001.15770.020 - Xefatura do Servizo de Tecnoloxía, Seguridade e Innovación, que ata o de agora estaba limitado a persoal pertencente á Administración xeral e ás escalas de Xestión de Sistemas de Informática e de Sistemas e Tecnoloxía da Información, permitindo **agora a súa cobertura adicional por persoal do corpo facultativo de grao medio, escala de enxeñeiros técnicos, especialidade de topografía.**

Este servizo, dependente da Xerencia, é o responsable da planificación, desenvolvemento e mantemento dos sistemas de información e comunicación de Augas de Galicia, da xestión da seguridade tecnolóxica, do impulso de proxectos de innovación dixital aplicados á xestión hidráulica e administrativa da entidade **e da coordinación da información necesaria para os sistemas de información xeográfica e para aquelas outras aplicacións imprescindibles para a xestión de Augas de Galicia.**

As súas funcións abranguen tanto tarefas de natureza técnica como de coordinación e dirección estratéxica de proxectos tecnolóxicos, que requiren competencias transversais en xestión pública, organización administrativa, innovación e seguridade da información.

Por este motivo, a apertura xustifícase pola conveniencia de ampliar a base de recrutamento, posibilitando a concorrencia de perfís profesionais con experiencia en dirección de proxectos, transformación dixital, de sistemas de información xeográfica, ou seguridade tecnolóxica, e garantindo así unha xestión máis eficiente, innovadora e segura dos sistemas e procesos tecnolóxicos da entidade.

~~Así mesmo, tendo en conta o carácter transversal e de coordinación do devandito posto, co obxectivo de incrementar os perfís técnicos que poidan dar cobertura ao mesmo, propónse a apertura á administración do Estado e outras comunidades autónomas (A11).~~

- Ampliar a adscrición dos postos IV.E10.00.006.15770.040 - Xefatura do Servizo de Xestión de Abastecemento e Saneamento e IV.E10.00.006.15770.042 - Xefatura da Área de Xestión de Saneamento, que ata o de agora só podían ser desempeñados por persoal pertencente á escala de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos (ESE1), permitindo tamén o acceso de funcionarios da escala de Enxeñeiros Industriais (ESE3) ~~e de funcionarios da Administración local (A12).~~

Ambos postos, dependentes da Subdirección Xeral de Xestión e Execución de Infraestruturas Hidráulicas, teñen asignadas funcións directamente relacionadas coa planificación, execución e explotación das infraestruturas hidráulicas autonómicas, así como coa coordinación e apoio técnico aos concellos na xestión dos sistemas municipais de abastecemento e saneamento, segundo o disposto no artigo 20.bis do Estatuto de Augas de Galicia. Estas funcións implican unha colaboración permanente coas entidades locais, especialmente na supervisión de proxectos, auditorías de infraestruturas e seguimento da prestación dos servizos municipais do ciclo da auga.

A apertura destes postos á escala de Enxeñeiros Industriais (ESE3) responde á natureza técnico-operativa das funcións desempeñadas, nas que a especialización en instalacións hidráulicas, bombeos, redes de distribución e sistemas eléctricos resulta altamente relevante. ~~Pola súa parte, a~~

~~apertura á Administración local (A12) xustifícase pola conveniencia de incorporar profesionais con experiencia directa na xestión municipal do ciclo integral da auga, o que reforza a coordinación institucional, mellora a eficacia na execución das actuacións hidráulicas e garante unha visión práctica e integrada dos sistemas de abastecemento e saneamento en Galicia.~~

- Ampliar a adscrición do posto IV.E10.00.006.15770.020, Xefatura Servizo de Apoio Técnico, que ata o de agora só podía ser desempeñados por persoal pertencente á escala de Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos (ESE1), permitindo tamén o acceso de funcionarios da escala de Enxeñeiros Técnicos, especialidade Enxeñaría Técnica de Obras Públicas (EME1).

Propónse dita modificación co obxecto de incorporar a apertura do posto ao subgrupo A2, Enxeñeiros Técnicos, especialidade Enxeñaría Técnica de Obras Públicas (EME1), co fin de ampliar o abano de perfís profesionais que poden acceder ao mesmo, favorecendo así unha maior concorrncia e diversidade técnica na provisión do posto. As funcións asignadas –de carácter técnico, de apoio, supervisión, seguimento e xestión de actuacións e obras hidráulicas– son plenamente acordes coa formación e capacidades deste colectivo, que conta coa cualificación necesaria para o seu correcto desenvolvemento. Esta ampliación contribuiría a unha mellor adecuación entre os perfís dispoñibles e as necesidades do servizo, reforzando a eficiencia e a calidade na xestión pública.

- Ampliar a adscrición do posto IV.E10.00.000.15770.003 – Secretario/a Presidente/a, permitindo o acceso tamén á Administración local (A12). A apertura proposta xustifícase pola natureza transversal e institucional ~~e de asesoramento superior~~ das funcións asociadas ao posto, que presta apoio directo á Presidencia da entidade e participa na preparación, coordinación e seguimento dos asuntos sometidos aos órganos colexiados de goberno. Trátase dun posto que require coñecemento especializado do procedemento administrativo, do réxime xurídico do sector público e das relacións interadministrativas, así como capacidade de coordinación e interlocución institucional.

A actividade de Augas de Galicia presenta unha intensa interacción coas entidades locais, especialmente en materia

de abastecemento, saneamento, planificación urbanística e execución de infraestruturas hidráulicas. Neste contexto, a posibilidade de que o posto sexa desempeñado por persoal procedente da Administración local resulta coherente coa realidade competencial da entidade, xa que permitiría incorporar perfís con experiencia directa na xestión municipal, no funcionamento dos órganos de goberno locais e na tramitación de expedientes que requiren coordinación co ámbito autonómico.

Así mesmo, a ampliación da adscrición contribúe a ampliar o ámbito de provisión do posto, incrementando a concorrencia e a dispoñibilidade de profesionais cualificados, e reforzando a eficiencia, a calidade técnica e a capacidade de coordinación institucional da entidade no exercicio das súas funcións.

En concreto, cómpre salientar que o devandito posto foi ofertado en comisión de servizos en dúas ocasións recentemente na páxina da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal. A primeira entre o 22.12.2025 e o 07.01.2026 e a segunda entre o 22.01.2026 e o 13.02.2026, sen que en ningunha das dúas ocasións se presentase algunha persoa para poder cubrir o posto.

- Ampliar a adscrición do posto IV.E10.00.000.15770.005 - Secretario/a Director/a Xeral, permitindo o acceso tamén á Administración local (A12), por motivos análogos aos do posto de Secretario/a Presidente/a.

Tendo en conta o anterior, os postos a modificar coas modificacións propostas son os seguintes:

CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	GR.	NIV .	F. PRO	CAT. / CORPO	ADS. ADMIN	CENTRO DE DESTINO
IV.E10.00.004.15770.001	COMISARIO/A DE AUGAS	A1	30	LD	XERAL/ ESPECIAL	A12	COMISARÍA DE AUGAS
IV.E10.00.004.15770.020	XEFATURA SERVIZO TRAMIT. DE AUTORIZ. E CONCESIÓNS	A1/ A2	28	CE	XERAL/ ESE1/ EME1	A12	COMISARÍA DE AUGAS
IV.E10.00.005.15770.001	SUBD. XERAL PLANIFIC. XESTIÓN RECURSOS HÍDRICOS	A1	30	LD	ESPECIAL	A12	S. X. DE PLANIFICACIÓN DA XESTIÓN DOS RECURSOS HÍDRICOS
IV.E10.00.005.15770.040	XEFATURA SERV. PLANIFICAC. DE ABASTECEM. E SANEAM	A1/ A2	28	CE	ESE1/ EME1	A11	S. X. DE PLANIFICACIÓN DA XESTIÓN DOS RECURSOS HÍDRICOS

IV.E10.00.005.15770.020	XEFATURA SERVIZO DE PLANIFICACIÓN HIDROLÓXICA	A1	28	CE	ESE1/ESC1/ESC2	A11	S. X. DE PLANIFICACIÓN DA XESTIÓN DOS RECURSOS HÍDRICOS
IV.E10.00.001.15770.020	XEFATURA SERVIZO DE TECNOLOXÍA, SEGURIDADE E INNOVACIÓN	A1/A2	28	CE	XERAL/XMI/XSI/EME7	AXG	XERENCIA
IV.E10.00.006.15770.040	XEFATURA SERVIZO XEST. ABASTECIMENT. E SANEAMENT.	A1	28	CE	ESE1/ESE3	A11	S. X. DE XESTIÓN E EXECUCIÓN DE INFRAESTRUTURAS HIDRÁULICAS
IV.E10.00.006.15770.042	XEFATURA ÁREA DE XESTIÓN DE SANEAMENTO	A1	26	C	ESE1/ESE3	A11	S. X. DE XESTIÓN E EXECUCIÓN DE INFRAESTRUTURAS HIDRÁULICAS
IV.E10.00.006.15770.020	XEFATURA SERVIZO DE APOIO TÉCNICO	A1/A2	28	CE	ESE1/EME1	A11	S. X. DE XESTIÓN E EXECUCIÓN DE INFRAESTRUTURAS HIDRÁULICAS
IV.E10.00.000.15770.003	SECRETARIO/A PRESIDENTE/A	C1/C2	18	LD	XERAL	A12	DIRECCIÓN
IV.E10.00.000.15770.005	SECRETARIO/A DIRECTOR/A XERAL	C1/C2	18	LD	XERAL	A12	DIRECCIÓN

EME1 ESPECIAL (ESC. ENXEÑEIRO TÉCNICO - ESP. ENX. TÉCNICA DE OBRAS PÚBLICAS)

EME4 ESPECIAL (ESC. ENXEÑEIRO TÉCNICO - ESP. ENX. TÉCNICA AGRÍCOLA)

EME7 ESPECIAL (ESC. ENXEÑEIRO TÉCNICO - ESP. TOPOGRAFÍA)

ESC1 ESPECIAL (ESC. CIENCIAS - ESP. BIOLOXÍA)

ESC2 ESPECIAL (ESC. CIENCIAS - ESP. QUÍMICA)

ESE1 ESPECIAL (ESC. ENXEÑEIRO - ESP. ENX. DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS)

ESE2 ESPECIAL (ESC. ENXEÑEIRO - ESP. ENX. AGRÓNOMA)

ESE3 ESPECIAL (ESC. ENXEÑEIRO - ESP. ENX. INDUSTRIAL)

ESE5 ESPECIAL (ESC. ENXEÑEIRO - ESP. ENX. DE MONTES)

XMI XERAL (ESCALA DE XESTIÓN DE SISTEMAS DE INFORMÁTICA)

XSI XERAL (ESCALA DE SISTEMAS E TECNOLOXÍA DA INFORMACIÓN)

A11 ADSCRICIÓN INDISTINTA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA, ESTADO E CCAA

A12 ADSCRICIÓN INDISTINTA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA, ESTADO, CCAA E ADMIN LOCAL

AXG ADSCRICIÓN EXCLUSIVA A FUNCIONARIOS DA XUNTA DE GALICIA

5. SUPRESIÓN REGISTRO SERVIZOS CENTRAIS DE AUGAS DE GALICIA

Unha vez autorizada e publicada a supresión do rexistro dos servizos centrais de Augas de Galicia no DOG NÚM. 121, do 26 de xuño de 2025, procede a amortización do posto denominado "Xefatura Negociado Rexistro e Información" (C.P.: IV.E10.00.001.15770.054) e a creación, no seu lugar, dunha Xefatura de Negociado coas seguintes características:

CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	GR.	NIV.	F. PRO	CAT./CORPO	ADS. ADMIN	CENTRO DE DESTINO
IV.E10.00.001.15770.053	XEFATURA NEGOCIADO	A2/C1 /C2	18	C	A1	AXG	XERENCIA

6. CREACIÓN DUNHA XEFATURA DE ÁREA DE XESTIÓN DE ABASTECIMENTO

O incremento das actuacións promovidas por Augas de Galicia en materia de abastecemento, xunto coa crecente complexidade técnica e administrativa asociada á xestión destas infraestruturas, fai necesaria a creación dunha Xefatura de Área de Xestión de Abastecemento, dependente da Subdirección Xeral de Xestión e Execución de Infraestruturas Hidráulicas.

Nos últimos exercicios, a entidade asumiu un papel cada vez máis relevante na planificación, execución e explotación de sistemas de abastecemento supramunicipais, no apoio técnico e financeiro ás entidades locais e na posta en marcha de actuacións de emerxencia e de mellora da seguridade do subministro en episodios de seca. Así mesmo, a entrada en vigor da Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga, atribúe a Augas de Galicia novas responsabilidades en materia de coordinación coas entidades locais, garantía da continuidade do servizo e control da eficiencia hidráulica e enerxética das instalacións.

A nova área permitirá reforzar a capacidade de dirección técnica e de coordinación da execución das obras e sistemas de abastecemento, así como a supervisión das concesións e explotacións existentes, a xestión de incidencias e a interlocución coas administracións locais titulares dos servizos. O seu funcionamento será análogo ao da actual Área de Xestión de Saneamento, garantindo unha estrutura equilibrada e coherente dentro da Subdirección Xeral.

Por este motivo, propónse a creación deste posto –nivel 26, adscrito ás escalas ESE1 (Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos) e ESE3 (Enxeñeiros Industriais), e con adscrición A12–, co obxectivo de dotar de maior especialización, capacidade técnica e continuidade a un ámbito de actuación esencial para o cumprimento das competencias de Augas de Galicia no ciclo integral da auga.

CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	GR.	NIV.	F. PRO	CAT./CORPO	ADS. ADMIN	CENTRO DE DESTINO
IV.E10.00.006.15770.043	XEFATURA ÁREA DE XESTIÓN DE ABASTECIMENTO	A1	26	C	ESE1/ ESE3	A12	S. X. DE XESTIÓN E EXECUCIÓN DE INFRAESTRUTURAS

							HIDRÁULICAS
--	--	--	--	--	--	--	-------------

7. CREACIÓN DUNHA XEFATURA DE ÁREA XURÍDICA

A creación dunha Xefatura de Área Xurídica dentro da Subdirección Xeral de Réxime Xurídico responde a unha necesidade estrutural obxectiva, derivada do volume, complexidade e carácter transversal das funcións que ten atribuídas a devandita Subdirección, así como da crecente esixencia de rigor técnico, seguridade xurídica e especialización normativa na actividade da entidade pública empresarial Augas de Galicia.

A Subdirección Xeral de Réxime Xurídico asume competencias que afectan de maneira directa e continuada ao conxunto da organización, ao intervir en materias especialmente sensibles desde o punto de vista xurídico-administrativo, tales como a elaboración e tramitación de disposicións normativas, a instrución de procedementos sancionadores e de responsabilidade patrimonial, a tramitación de expedientes de expropiación forzosa, a formalización de convenios e instrumentos de colaboración, a instrución de procedementos de subvencións, a coordinación cos órganos xurisdicionais e de control, así como a asistencia xurídica permanente aos órganos de goberno e ás unidades dependentes da entidade.

Estas funcións presentan un alto grao de complexidade técnica, un elevado impacto xurídico e económico e un risco directo de responsabilidade institucional, polo que requiren dunha análise especializada, dunha interpretación normativa rigorosa e dunha aplicación homoxénea de criterios xurídicos en toda a entidade.

Neste contexto, a actual estrutura baseada exclusivamente en dúas xefaturas de servizo e dúas xefaturas de sección resulta insuficiente para absorber de maneira eficaz a carga funcional existente. Neste sentido, a creación dunha Xefatura de Área Xurídica, como posto de nivel inferior ao de servizo, pero cun perfil técnico altamente cualificado, permite establecer un nivel intermedio de apoio especializado, destinado a asumir funcións xurídicas de alta complexidade e carácter transversal, descargando ás xefaturas de servizo de tarefas técnicas que non deberían recaer de forma exclusiva sobre os devanditos postos.

En definitiva, a creación deste posto responde a criterios de boa organización administrativa, eficacia e profesionalización da función xurídica, resultando plenamente xustificada á vista das

funcións asumidas pola Subdirección Xeral de Réxime Xurídico e das necesidades reais de funcionamento de Augas de Galicia.

CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	GR.	NIV.	F. PRO	CAT./CORPO	TIT. ACAD.	ADS. ADMIN	CENTRO DE DESTINO
IV.E10.00.002.15770.040	XEFATURA ÁREA XURÍDICA	A1/A2	26	C	XERAL	2062	AXG	SUBDIRECCIÓN XERAL DE RÉXIME XURÍDICO

8. CREACIÓN DA XEFATURA DE SECCIÓN DE SEGUIMENTO DAS AUGAS E ZONAS PROTEXIDAS

A entrada en vigor do Real Decreto 3/2023, de 10 de xaneiro, polo que se establecen os criterios técnicos sanitarios da calidade da auga de consumo, o seu control e subministro, ten incrementado notablemente a carga de traballo no Servizo de planificación hidrolóxica.

Así, Augas de Galicia ten que avaliar e xestionar o risco nas zonas de captación de auga destinadas á produción de auga potable, caracterizando todas as captacións que subministren máis de 10 m³/día ou abastezan a máis de 50 persoas, delimitar as áreas de captación, realizar un seguimento analítico, identificar os riscos de cada unha das áreas delimitadas, considerando os riscos do cambio climático, e propoñendo medidas de prevención e mitigación e definindo perímetros de protección. Ademais, correspóndelle a Augas de Galicia comunicar á autoridade sanitaria e aos operadores as incidencias que se identifiquen.

Ademais, o Real Decreto 665/2023, de 18 de xullo, polo que se modifica o Regulamento do dominio público hidráulico, tamén introduce novas esixencias relativas, sendo necesario intensificar a rede de medida de niveis piezométricos e do seguimento da calidade das augas subterráneas.

Estas funcións, dun xeito xenérico, están incluídas nas que corresponden ao Servizo de planificación hidrolóxica, segundo o disposto no Decreto 50/2023, do 11 de maio, polo que se modifica o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, e están a ser realizadas por un Posto Base Subgrupo A1.

Por este motivo propónse esta Sección de Seguimento das Augas e das Zonas Protexidas (nivel 25) baixo a dependencia do Servizo de planificación hidrolóxica, incluído na Subdirección xeral de

Planificación da Xestión dos Recursos Hídricos. As funcións que se desenvolverán, dentro das previstas no Decreto 32/2012 para todo o servizo concréntanse nas seguintes:

1) O deseño, o establecemento e o control dos programas de seguimento das augas superficiais e subterráneas e das zonas protexidas da demarcación hidrográfica de Galicia Costa.

2) A análise e o control da calidade das augas, así como o seguimento dos programas de calidade da auga que se establezan.

3) A coordinación das actuacións derivadas da aplicación do Real Decreto 3/2023 en materia de zonas de captación destinadas á produción de auga potable.

CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	GR.	NIV.	F. PRO	CAT./CORPO	ADS. ADMIN	CENTRO DE DESTINO
IV.E10.00.005.15770.023	XEFATURA SECCIÓN DE SEGUIMENTO DAS AUGAS E ZONAS PROTEXIDAS	A1	25	C	ESC2/ESC1	AXG	S. X. DE PLANIFICACIÓN DA XESTIÓN DOS RECURSOS HÍDRICOS

9. CREACIÓN DA XEFATURA DE ÁREA DE COORDINACIÓN TÉCNICA DO DPH

O incremento da complexidade técnica e administrativa das funcións encomendadas á Comisaría de Augas, así como o aumento do volume de expedientes relacionados coa xestión do dominio público hidráulico (DPH), fai necesaria a creación dunha Xefatura de Área de Coordinación Técnica do DPH, dependente da dita unidade.

Segundo o artigo 17 do Estatuto de Augas de Galicia, a Comisaría de Augas ten atribuídas funcións esenciais como a tramitación e control das autorizacións e concesións no dominio público hidráulico, a inspección e vixilancia das augas e das súas zonas de protección, a emisión de informes sectoriais –incluíndo os relativos ao planeamento urbanístico–, así como a coordinación das actuacións das unidades territoriais. Estas funcións caracterízanse pola súa elevada carga técnica, pola diversidade de materias implicadas e pola necesidade de garantir unha actuación uniforme e coherente en todo o ámbito da demarcación hidrográfica de Galicia-Costa.

Neste contexto, a creación desta área permitirá reforzar a coordinación técnica interna da Comisaría, mellorando a homoxeneización de criterios na tramitación de expedientes, a supervisión técnica das actuacións desenvolvidas polas distintas unidades e a integración da información procedente das zonas

hidrográficas. Así mesmo, facilitará unha mellor planificación e seguimento das actuacións, así como unha resposta máis áxil e eficaz ante as necesidades operativas da entidade.

Por outra banda, este posto contribuirá a mellorar a coordinación interadministrativa, especialmente coas entidades locais e outros organismos con competencias concorrentes, garantindo unha maior coherencia técnica nos informes, autorizacións e actuacións sobre o dominio público hidráulico.

Por estes motivos, propónse a creación deste posto –nivel 26, adscrito ás escalas ESE1 (Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos) e EME1 (Enxeñeiros Técnicos de Obras Públicas), con adscrición A11–, co obxectivo de reforzar a capacidade técnica, organizativa e de coordinación da Comisaría de Augas, contribuíndo a unha xestión máis eficiente, uniforme e integrada do dominio público hidráulico.

CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	GR.	NIV.	F. PRO	CAT./CORPO	ADS. ADMIN	CENTRO DE DESTINO
IV.E10.00.004.15770.021	XEFATURA ÁREA DE COORDINACIÓN TÉCNICA DO DPH	A1	26	C	ESE1/EME1	A11	COMISARIA DE AUGAS

10. CREACIÓN DA XEFATURA DE SECCIÓN DE COORDINACIÓN ADMINISTRATIVA

A creación dunha Xefatura de Sección de Coordinación Administrativa dependente da Xerencia de Augas de Galicia resulta necesaria á vista do conxunto de funcións que o marco normativo lle atribúe a este órgano. A Xerencia ten encomendada a coordinación administrativa de todos os procedementos e actuacións da entidade, así como a elaboración de instrucións, a supervisión do funcionamento interno e o control do cumprimento normativo. Trátase de tarefas complexas e continuadas, que requiren un seguimento permanente e unha alta capacidade de coordinación técnico-xurídica.

Ademais, a Xerencia debe emitir informes, prestar asesoramento técnico, supervisar propostas de nomeamentos e garantir a correcta tramitación dos fondos europeos xestionados pola entidade. Estas actuacións incorporan unha elevada responsabilidade xurídica e administrativa e implican a intervención coordinada de distintos servizos. Neste sentido, a existencia dunha sección específica permitiría asumir este

traballo con maior rigor, anticipar e reducir riscos legais e asegurar a coherencia dos procedementos administrativos.

Tamén recae na Xerencia a coordinación técnica da elaboración do anteproxecto de orzamentos, a preparación da memoria anual de actividades e a formación de estatísticas oficiais. Estas funcións transversais requiren recoller, verificar e sistematizar información procedente de diferentes unidades, polo que un apoio administrativo estruturado facilita a planificación interna, mellora a calidade dos documentos resultantes e asegura o cumprimento das obrigas legais en materia de transparencia, avaliación e publicidade institucional.

Finalmente, cómpre lembrar que a Xerencia substitúe á Dirección en casos de vacante, ausencia ou enfermidade e debe atender calquera outro asunto que se lle encomende. A creación dunha sección que lle preste apoio estable garante a continuidade da xestión, reforza a capacidade operativa do órgano e dota á entidade dunha estrutura máis coherente cos estándares organizativos do sector público autonómico.

En conxunto, estas razóns xustifican sobradamente a necesidade dunha Xefatura de Sección de Coordinación Administrativa, que permitirá reforzar a seguridade xurídica, mellorar a eficacia da xestión e dar soporte estable ás múltiples funcións que a normativa atribúe á Xerencia de Augas de Galicia.

CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	GR.	NIV.	F. PRO	CAT./CORPO	FORM.ESP ECÍF.	ADS. ADMIN	CENTRO DE DESTINO
IV.E10.00.001.15770.015	XEFATURA SECCIÓN DE COORDINACIÓN ADMINISTRATIVA	A1/A2	25	C	XERAL	501	AXG	XERENCIA

11. AMORTIZACIÓN DE POSTOS

Para o financiamento da necesidade de crédito xerada polas modificacións anteriores, propónse a amortización dos seguintes postos, logo de valorar que a súa amortización non repercute negativamente na calidade nin na prestación dos servizos públicos:

CÓDIGO DE POSTO	DENOMINACIÓN	GR.	NIV.	F. PRO	CAT./CORPO	ADS. ADMIN	CENTRO DE DESTINO
IV.E10.00.000.15770.092	SUBALTERNO/A	AP	10	C	XERAL	AXG	DIRECCIÓN
IV.E10.00.001.15770.054	XEFATURA NEGOCIADO REXISTRO E INFORMACIÓN	A2/C1/C2	18	C	XERAL	AXG	XERENCIA
IV.E10.00.000.15770.025	ENXEÑEIRO/A DE FUNCIÓNS FACULTATIVAS	A1	26	C	ESE1	AXG	DIRECCIÓN

IV.E10.00.000.15770.022	ENXEÑEIRO/A DE FUNCIÓNS FACULTATIVAS	A1	26	C	ESE1	AXG	DIRECCIÓN
IV.E10.00.000.15770.027	ENXEÑEIRO/A DE FUNCIÓNS FACULTATIVAS	A1	26	C	ESE1	A11	DIRECCIÓN
IV.E10.00.002.15770.035	XEFATURA SECCIÓN XURÍDICA II	A1/A2	25	C	XERAL	AXG	SUBDIRECCIÓN XERAL DE RÉXIME XURÍDICO

CÓDIGO DO POSTO	DENOMINACIÓN	GR.	CAT.	F. PRO	COMPLEM. SINGUL.	OBSERVACIÓNS	CENTRO DE DESTINO
IV.E19.20.000.15001.068	GARDA DE EXPLOTACIÓN	IV	007	C	1.277,40	B10//B11//B18	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-NORTE
IV.E19.20.000.15001.077	GARDA DE EXPLOTACIÓN	IV	007	C	1.277,40	B10//B11//B18	ZONA HIDROGRÁFICA DE GALICIA-NORTE

12. MODIFICACIÓN DA DENOMINACIÓN DE DÚAS UNIDADES ADMINISTRATIVAS

No Decreto 50/2023, do 11 de maio, polo que se modifica o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro e na RPT existen discordancias na denominación de dúas unidades administrativas, tal e como se reflicte a continuación:

Decreto 50/2023	RPT
Zona Hidrográfica da Mariña	Oficina de Augas (Lugo)
Oficina de Augas de Galicia (Ourense)	Demarcación Bacías Intercomunitarias (Ourense)

Neste sentido, realízase a seguinte modificación co obxectivo de homoxeneizar as denominacións no Decreto 50/2023 e na RPT da entidade:

RPT Actual	RPT Modificada
Oficina de Augas (Lugo)	Zona Hidrográfica da Mariña (Lugo)
Demarcación Bacías Intercomunitarias (Ourense)	Oficina de Augas de Galicia (Ourense)

13. MODIFICACIÓN DA DENOMINACIÓN DUN POSTO

No Decreto 50/2023, do 11 de maio, polo que se modifica o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro e na RPT existen discordancias na denominación dun posto, tal e como se reflicte a continuación:

Decreto 50/2023	RPT
Servizo de Planificación Hidrolóxica	Servizo de Planificación e Programación Hidrolóxica

Neste sentido, realízase a seguinte modificación co obxectivo de homoxeneizar a denominación no Decreto 50/2023 e na RPT da entidade:

RPT Actual	RPT Modificada
Servizo de Planificación e Programación Hidrolóxica	Servizo de Planificación Hidrolóxica

14. ACTUALIZACIÓN DO CENTRO DE DESTINO DUN POSTO DE SUBALTERNO

O posto denominado "Subalterno/a" e con CP: MA.A01.00.000.15770.022, figura na actual RPT na Secretaría Xeral, porén, tendo en conta o establecido no Decreto 50/2023, do 11 de maio, polo que se modifica o Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, dito centro de destino xa non existe na estrutura da entidade, polo que é necesario modificar o mesmo, para que pase a depender da dirección.

15. ACTUALIZACIÓN DE INFORMACIÓN NAS OBSERVACIÓNS DE POSTOS ANTERIORMENTE OCUPADOS POR PERSOAL LABORAL INDEFINIDO NON FIXO

- Enxeñeiro/a de funcións facultativas (CP: IV.E10.00.000.15770.010): desde o 21.10.2025 xa non está ocupada por persoal laboral indefinido non fixo (Resolución do 15 de outubro de 2025, DOG NÚM. 202, do 20.10.2025).
- Enxeñeiro/a de funcións facultativas (CP: IV.E10.00.000.15770.014): desde o 21.10.2025 xa non está ocupada por persoal laboral indefinido non fixo (Resolución do 15 de outubro de 2025, DOG NÚM. 202, do 20.10.2025).

16. ADECUACIÓN DOS CÓDIGOS DE POSTO

Actualmente a entidade pública empresarial Augas de Galicia encóntrase adscrita á Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático (DECRETO 137/2024, do 20 de maio, polo que se establece

a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático), polo que todos os códigos de posto da RPT modifícanse pasando de "IVE" a "MAE", mantendo a restante numeración.

Asinado de forma electrónica en Santiago de Compostela.

O director de Augas de Galicia

Roi Fernández Añón